REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

De balde o recibistes, dádeo logo de balde

ANO XXXIV • Nº 933 - Do 16 ao 29 de novembro de 2015

Nosa Enerxía

Unha cooperativa galega fronte aos xigantes enerxéticos



A foto que fala



Cambian os músicos pero a letra non varía.

O trasno Cantos traballiños

Daniel López Muñoz



– A túa filla xa será unha moza, eh?.

Pois si, cantos traballiños e desgustos non aforrariamos se o tempo todo desta chamada democracia se aproveitara doutra maneira e non para se aproveitaren os aproveitados.

Se se usasen estes trinta e cinco anos, por exemplo, e sen ir máis lonxe, para baleirar primeiro e suprimir por fin as Deputacións. Obxectivo sempre aprazado, retrouso inútil de cada campaña electoral nova, de cada lexislatura nova.

Aforrariamos un triste final político ao pobre Cacharro Pardo, RIP, prohome irrepetible – *Deo Gratias*- que sentiu a chamada, e deu razón do recado, de controlar a vida, oportunidades e contratos de empresas e persoas de toda unha provincia, o seu vicerreino. Que calado sufrimento, que responsabilidade nos ombros dun único titán!

Aforrariamos o triste final de Baltar o Vello, alegría e trombón da enxebre ourensanía: a súa vergoñenta inhabilitación, xa xubilado, pola súa *habelencia* como xefe de recursos humanos, seleccionador de afíns agradecidos e heroe dun inexistente, pero posible, madía leva, sindicato unificado de porteiros de edificio provincial (e que menos, se nun centro con tres portas chegou a contratar 30 porteiros!, se a súa Deputación gastaba máis en nóminas ca en investimentos nun dos territorios máis deprimidos de Europa!).

Aforrariamos o bochorno da súa sucesión, do legado de pai a fillo, medieval estilo, por dicir algo. Pero para meritocracia medieval o que seica se lle escoita ao *Novo* nesas gravacións, nas todo indica que se xoga o xogo do sexo a cambio de empreguiño, botándolle o santo peito de afirmar que el é quen de cambiar as notas dun futuro exame de selección.

E, distinto, pero tamén ben triste, aforrariamos outras cousas. Como o sainete pola esquerda da deputación de Lugo, cainitismo en vivo e en directo, perrencha e algo máis.

As Deputacións cárgaas os demo. Son un burato negro das boas intencións políticas e un multiplicador das malas. Duplican o papel das institucións de autogoberno galego e non cumpren o seu papel de dinamizador dos territorios e concellos empobrecidos. Alimentan o peor que hai na clase política, pero tamén en nós: a aceptación de que o esforzo conta menos có enchufe e o mérito menos ca unha noite nun motel; a resignación fronte á arbitrariedade e a dominación; e mesmo a comprensión fronte a cousas tan pouco comprensibles como que dous deputados precisen sete asesores políticos de libre contratación.

Supresión xa!

Editorial Advento, deserto e viacrucis franciscano

A travesía do papa Francisco resulta inspiradora nas portas do chamado tempo de Advento. Tempo de deserto, de re-visitar a figura inmensa de Xoán o Bautista, vestido cunha pel de camelo e comendo lagostas –non mariñas precisamente-, raíces e mel ventureiro.

Xoán o visionario, o utópico, desde a súa radical simplicidade compartida, que advirte e arroiba aos abusadores do pobo sinxelo, a aqueles dignitarios espirituais que se consideraban elixidos -os que se dicían "descendentes de Abraham". Xoán, mestre de Xesús, que lles recorda que aquí non conta o pedigree, senón os feitos e os froitos, e que a árbore que non dá froito cómpre pasala pola machada e mellor dedicala a manter o lume da lareira.

aquí non conta o pedigree, senón os feitos e os froitos

Esa imaxe do profeta no deserto contra os imperios e os seus cómplices explicaría moi ben a peripecia de Francisco á vista das novas filtracións do Vatileaks 2. O libro que as relata leva, non sen razón, o nome de Vía Crucis.

Os que tratan de torpedear as reformas franciscanas forman parte dese estado de cousasherdado da Curia, cos seus tenebrosos fillos de Abraham. Deses 5000 inmobles en Roma, das escandalosas irregularidades financeiras, dos privilexios inadmisibles.

Nos detalles está a verdade e os detalles fan a diferenza. Se en 2012, do famoso Óbolo de San Pedro (cartos para obras de caridade) resulta que se dedican 28,9 millóns a gastos da Curia, fronte a 14,1 millóns para aquelas obras caritativas; e se os curiais viven como aristócratas en pisos romanos de 200 metros cadrados...

Se da Fundación Bambin Gesú (Fundación do Neno Xesús), creada para axudar ao hospital pediátrico que xestiona o Vaticano, saíron os 200.000 € para reformar o ático do exsecretario de Estado Tarcisio Bertone, tras a su xubilación ao máis puro estilo Rouco Varela. Ou tamén cartos para a lugar un helicóptero por 23.800€...

E se o resultado dos procesos de canonizacións dependen de se os familiares ou achegados ao futuro santo pasan por Caixa para desembolsar entre 200.000 e 400.000€...

...A credibilidade de mensaxe e dos mensaxeiros recibe un –novo- golpe fatal.

Pero non foi sen aviso. E ben remoto, cando menos desde aqueles tempos convulsos dun tal Xoán, apaixonado, naturista e vital profeta no deserto. E razón levaba o Bautista, que para o inverno fai boa falla que o lume arda na lareira.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Nos medios de comunicación en xeral, e na televisión en particular, hai moito que é moi prescindible. Ver a televisión é, sobre todo, ver intranscendentes noticias de fútbol, historias absurdas de persoas absurdas, informativos tan manipulados que causan risa de non ser porque alguén os cre, debates totalmente partidistas e pouco máis. Porén, hai cousas que se salvan e activan o cerebro. Un deses programas é Salvados, de Jordi Évole, que nos fai reflexionar sobre cousas que xeralmente non queren que se saiban: o poder das eléctricas ou a manipulación dos medios son os últimos temas dos que falaron.

Por outra banda, houbo un cura da curia vaticana que filtrou unhas informacións confidenciais para publicalas (e supoño que gañar uns cartiños á conta da información). O papa, xusto na seguinte aparición pública, xa lamentou o ocorrido, confesou que sabía de que trataban eses papeis e dixo que continuaría coa investigación do que contiñan.

Dá gusto atopar transparencia e limpeza en certos poderes. O normal no papa sería non dicir nada e deixar pasar o tempo. O normal na televisión é facer o de sempre e non meterse cos poderes establecidos. O normal é tratarnos coma ananos mentais, pero hai xente que non o fai. Benvida sexa.




1



3



2



4

A peneira

1

A fábrica Feinar de QUEIXO fresco Arquega de Montesalgueiro, froito da unión de Feiraco e Innolat, vendeu 250 toneladas no 2014. O seu éxito é unir tradición e innovación. Contamos con 78 queixerías que transforman o leite de 4000 gandeiros, a metade de Arzua-Ulloa. Entre as catro denominacións suman 5 millóns de kg. Á parte do Arzúa-Ulloa contamos cos San Simón, (45 días de maduración), Tetilla e Cebreiro -estes con 7 días de maduración.

2


O 21ª xornada pola inclusión dos discapacitad@s intelectuais celébrase no Colexio La Salle de Santiago. Mentres os discapacitados de Prodeme de Monforte preparan ESTERCO compostado co da máis importante da comarca en carne "Tenreira Galega". Agora vén de empregar 15 mozos no procesamento de madeira para calefación, iniciativas para acadar beneficios coma noutrora a fábrica de pensos.

3

No "Mes da ciencia" visitamos o PARQUE DAS CIENCIAS de San Roque en Compostela, e nas bancadas repasamos a científicos, coma Luis Iglesias, que estudiou as enfermidades e os remedios das plantas e que achegou unha mostra de 6000 insectos ao Museo de Historia Natural. En Lugo, o "Día da Ciencia en Galego" vivimos o Ano dos Solos a través da investigación xeolóxica de Parga Pondal, na foto á esquerda.

4

O 10, "Día da Ciencia para a paz e o desenvolvemento", agradecemos a TESLA (Croacia 1856-1943), o gran esquecido no "Ano da Luz", o inventor da corrente alterna (fronte a continua de Edison) a radio, os raios X, etc. Asemade, conseguiu que a enerxía eléctrica chegase a todo o mundo sen fíos e de xeito gratuíto, colaborando á paz.









Alfonso Blanco Torrado

5

Solidariedade co Pobo SAHARAHUÍ trouxo 308 nen@s no verán e agora recolle medicinas e alimentos para os campamentos castigados polas riadas, despois de 40 anos de loita pola autodeterminación. Na foto, o activista Hasanna, solicitante de asilo nun acto de Solidariedade, condenado a cadea perpetua por Marrocos, por organizar un campamento para 20.000 compatriotas contra a ocupación. .

6

O racismo policial inza en EUA, sementando morte coma na igrexa de Charleston no sur máis pobre. Obama en 6 anos non puido cos fabricantes de armas e co fascismo que busca novos clientes nas crianzas para atraelos cos rifles, cos que entre 1968-2011 asasinaron 1,4 millóns; mentres, 1,2 millóns de soldados finaron en guerras.

7

Estreamos o mes co documental "Frankestein 08445" de Aitor Rey, o relato máis rigoroso da traxedia de Angrois, no día no que a fiscalía só culpa ao maquinista. Xa o 12 e 13 fora a estrea na Coruña e Pontevedra de *Fíos Fóra* de Illa Bufarda, unha historia de costureiras e patróns, dende as adolescentes de Arteixo e contorna ata Inditex. Do 14 ao 22 temos Festival de Cine de Ourense, aínda que máis da metade de galegos endexamais van ao CINEMA.

8

XXXIII Outono Fotografico: "Periferias" programa 87 exposicións en 19 localidades galegas e tres portuguesas. Só en Compostela hai cinco mostras nos centros socioculturais da periferia e a de José Suárez (Allariz 1902-A Guarda 1974) estará no Gaiás, ata o 27 de marzo. Foi un creador ligado á vangarda europea que proxectou a súa arte a eito entre Latinoamérica e Xapón.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Política Grupo parlamentario galego

Pedro Pedrouzo Devesa



A vindeira lexislatura promete ser a máis relevante desde a Transición. Que mesmo Rajoy amose a súa dispoñibilidade para afrontar cambios constitucionais estanos indicando que os nosos vindeiros representantes parlamentarios afrontarán unha lexislatura clave.

O Senado, as deputacións provinciais, a independencia xudicial ou a propia monarquía son varios dos aspectos que prometen ser revisados. Sen ser propiamente temas constitucionais, o financiamento dos partidos ou a corrupción política parece que tamén serán temas relevantes. Pero sen dúbida, o tema máis trascendente será o desenlace do problema catalán.

De aí o enorme desencanto que produce o desencontro nacionalista en Galicia. Que forzas con programas idénticos sexan incapaces de confluír nunha candidatura única ás eleccións xerais é incomprensible. Un divorcio que se repite a nivel estado entre Podemos e IU.

O enorme impulso que as mareas recibiron da cidadanía, dándolles todo o protagonismo nos cambios políticos de Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela, facía presupoñer que para unhas Xerais habería encontro entre aqueles que durante tantos anos remaran na mesma dirección. Pero non. E estamos falando da posibilidade de acadar o grupo parlamentario, ao que parecía que se renunciara hai anos.

> O nacionalismo, como Galicia, é minifundista.

A enorme miopía que presentan ANOVA e o BNG agrávase se pensamos nas provincias do interior de Galicia, onde sería posible acadar o quinto escano que posibilitase a creación do grupo parlamentario galego; algo ao que as dúas forzas parecen renunciar, precisamente cando máis necesario vai ser contar cunha voz propia nun parlamento moi fragmentado, no que as maiorías serán caras.

Son estas, as Xerais, unhas eleccións nas que sempre tivo moita xustificación votar nacionalista para defender de forma independente os intereses de Galicia no Congreso, e, curiosamente, son as eleccións nas os resultados nacionalistas son sempre máis pobres. Vendo o panorama, tampouco é que pareza preocupar moito. O nacionalismo, como Galicia, é minifundista. Unha vez máis, as dúas provincias do interior partimos a estas eleccións sabendo da imposibilidade de acadar representación nacionalista no Congreso. Moitos levamos demasiados anos arrastrando o voto inútil porque cremos na posibilidade do cambio, dun cambio que a moitos parece darlles medo.

Por primeira vez, nas vindeiras eleccións non contaredes co meu voto. E dígoo con amargura.

En 2016 haberá eleccións galegas, unhas eleccións que se afrontarían cuns ánimos ben distintos se se partise dun grupo parlamentario propio. O goberno estaría moito máis próximo do que parece, pois sería posible mesmo superar a un PSOE que, á vista do que fai en Lugo e Ourense, está abonado á autolesión continua.


E moitos aínda se preguntan por que gaña o PP. Pois é evidente: teñen bastante máis sentidiño electoral ca todos os demais xuntos. Hai demasiados políticos que se encontran máis cómodos na oposición, como ben se desprende dos últimos acordos municipais. Quen sae a empatar, perde.

O peto común

Teresa Souto



Hai uns días celebrabamos o día de defuntos e o de todos os santos. Na miña parroquia, nesa zona, hai o costume de cear bacallau con coliflor e castañas cocidas e deixar a mesa sen recoller, coa comida que sobra enriba, por se os defuntos da familia pasan de visita. Pero eses días, pola rúa paseando, sentín a estraña sensación de vivir noutra cultura, que non era a que eu coñecía vinculada a esas datas: a xente ía disfrazada, pequechos e maiores, de pantasmas, vampiros e caveiras, os escaparates estaban cheos de teas de araña, morcegos e calacús, nas pastelerías, en lugar dos osos de santo, había galletas decoradas de cousas que dan medo, e é que resulta que estabamos no Halloween! Iso que sae nas películas e series norteamericanas. E cada cultura celebra o día de defuntos ao seu modo. Por exemplo, en México, celebran o día dos mortos, pero sinceramente sorprendeume que unha festa tan afastada se establecese tan de cheo nos nosos costumes; ademais, cando estamos rodeados e convivimos con outras culturas polas cales non mostramos ningún interese; e moitas veces chegamos a escoitar a idea de que as persoas inmigrantes deben acollerse aos nosas costumes e abandonar os seus propios; e cales son os que esas persoas desexan que sigan...? Eses novos importados polo televisor? Gustaríame que mostrásemos respecto polos costumes e a cultura das persoas que temos a carón, sentadas ao noso lado, que nos parásemos a coñecelas e escoitalas e, sobre todo, a respectalas e non xulgalas.



Entrevista O reto de crear unha cooperativa enerxética

Conversamos con Pablo Álvarez, presidente da cooperativa Nosa Enerxía. Con este vilagarcián, politólogo de formación, falamos sobre as incertezas que está a vivir o sector eléctrico no noso Estado, un mercado oligopolista por excelencia, mais fundamentalmente da aventura que supón a creación de Nosa Enerxía, que xa conta con 138 persoas socias.



Como xurdiu a idea de vos embarcar neste proxecto?

A iniciativa de embarcarnos naceu de maneira casual nas redes sociais no ano 2012. Nosa Enerxía é un proxecto que xorde de maneira espontánea a partir dun grupo de xente que non se coñecía, pero que tiñan en común a defensa do medio natural, a busca dun novo modelo enerxético baseado na enerxía renovable, unha curiosidade pola ciencia e investigación no eido enerxético, así como a demanda de democratizar o acceso á enerxía, empoderar a sociedade,...

E que pretende Nosa Exerxía?

Sobre todo preténdese dar unha opción para que a xente poida escoller que modelo enerxético quere. Somos unha cooperativa de usuarios e consumidores que opera sen ánimo de lucro e que temos como obxecto consumir enerxía eléctrica de orixe renovable certificada, a un prezo xusto e sustentable. Ademais, as persoas socias participan na toma das decisións, ademais de ter acceso aos bens e servizos que poida ofrecer a cooperativa, contribuíndo, polo tanto, á soberanía enerxética. Deste xeito, colaboramos nun proxecto de propiedade colectiva, facendo que a xestión da enerxía sexa democrática

A perspectiva ambiental está moi presente nos vosos obxectivos.

Así é. Nosa Enerxía aposta por un modelo de xestión que defende o desenvolvemento sostible e apoia os principios da economía social. Todas as persoas socias poden participar na posta en marcha dos proxectos de xeración de enerxía renovable que se vaian facer. Un principio fundamental da cooperativa é apoiar a defensa da natureza, a protección do medio ambiente e actividades de carácter social e solidario. Pretendemos fortalecer o tecido autóctono de enerxías renovables, xerando traballo e desenvolvemento a nivel local.

> Damos a opción para que a xente poida escoller que modelo enerxético quere

Que sentido ten impulsar unha cooperativa no sector da enerxía eléctrica?

A enerxía é un ben básico (coma a auga, os alimentos...) para a vida das persoas e o seu benestar. Se facemos un rápido repaso de como se atopa o sector enerxético podemos apreciar que se trata dun recurso concentrado en poucas mans e que non ten como obxectivo beneficiar a xente fronte a outros factores que importan máis como a rendibilidade económica.

Pensamos que é posible reverter esta situación do sector enerxético. Contamos coa capacidade de organizarse dos individuos dunha sociedade. Ademais, a tecnoloxía enerxética permite a produción enerxética sen ter que depender das grandes empresas.

Por outra banda, optar polo modelo cooperativo e apostar pola fórmula xurídica que máis se aproxima a garantir o obxectivo de conseguir unha mellor democratización é unha verdadeira soberanía enerxética.

Por que adoptastes o ámbito galego?

O modelo *Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega* é unha cooperativa de usuarios e consumidores que opera sen ánima de lucro. O factor proximidade da masa social é importante para que sexa máis fácil participar nas súas asembleas, actividades, e así facilitar un funcionamento democrático e participativo.

UN PROXECTO ABERTO A TODAS AS PERSOAS

Quen pode ser socia/o?

Poden ser persoas socias de Nosa Enerxía S.C.G. todas as persoas físicas e xurídicas.

Pode un ter a luz do seu piso contratado a través da vosa cooperativa?

Nosa Enerxía S.C.G é unha comercializadora enerxética. Un dos servizos que oferta é o subministro de electricidade de orixe renovable certificada. Na actualidade só podemos ofertar unha potencia máxima de ata 10kw, o que implica as tarifas 2.0A , 2.0 DHA e 2.0DHS.



Que pasos ten que seguir?

Para obter enerxía de Nosa Enerxia S.C.G. é preciso darse de alta como persoa socia e unha vez que se teña o número de socio, o seguinte paso é solicitar o contrato de luz cubrindo o formulario que temos na web.

Para ser socio é preciso facer unha achega de 100 euros ao capital social , que en caso de darse de baixa serían reembolsables.

Que diferenzas vai atopar cunha empresa comercializadora tradicional?

A maior diferenza é que as persoas socias de Nosa Enerxia S.C.G. son copropietarias da súa propia compañía enerxética e con todo o que implica este feito como poder decidir na política de tarifas, modelo de contratos, beneficiarse dos proxectos da cooperativa, non ser vítima das accións das comercializadoras,...

Nunha comercializadora das de sempre so seríamos clientes e números sen contar nin ter voz e voto nas decisións destas empresas.

Na vosa páxina web anunciades que nun futuro próximo queredes potenciar proxectos de xeración de enerxía? En que consisten?

A medio prazo e contando cos recursos axeitados queremos facer proxectos de xeración de enerxía renovable. Serían aqueles proxectos de xeración renovable que aprobasen as socias da cooperativa. Que sirvan para acadar os obxectivos que persegue Nosa Enerxía e que beneficien as persoas socias.

UN MODELO ENERXÉTICO EN CUESTIÓN

Como pode afectar a política enerxética levada a cabo polo goberno do PP a propostas como as vosas?

A política enerxética que se esta facer dende o Ministerio de Industria é errónea para os intereses do país e prexudica a maior parte da cidadanía.

A política enerxética do goberno prexudica a maior parte da cidadanía.

Un bo goberno tería que mirar polo ben común nas súas decisións. Atopámonos que na balanza pesa máis os intereses das grandes empresas enerxéticas fronte a cidadanía e os intereses económicos, sociais e medio ambientais do país.

Cada un de vós podedes xulgar esta cuestión e de maneira moi sinxela podedes sacar as conclusións que pensamos a gran maioría. Abonda cun dato: segundo o Ministerio de Industria a economía pode crecer nunha porcentaxe do seu PIB grazas ao descenso do prezo do petróleo. Como pode ser que se estea negando que se baixamos a nosa dependencia do petróleo non sería positivo para o crecemento económico?

Todo o que sexa reducir na importación de gas e petróleo onde se destina máis 40.000 millóns de euros ao ano e poder xerar enerxía renovable e investir no seu ciclo produtivo sería un grande avance.

Nos últimos anos xurdiron outras experiencias cooperativas no sector enerxético. Existe algunha relación entre Nosa Exerxía e estas cooperativas?

En España existen moitas cooperativas enerxéticas, como *Som Energia*, *Goiener*... As cooperativas enerxéticas deste tipo xa levan funcionando con éxito en moitos países de Europa dende hai tempo.

Na actualidade, as cooperativas enerxéticas estamos inmersas nun proceso de intercooperación para poder afianzar este modelo por toda a xeografía. Cómpre compartirmos ideas, opinións... Somos unha pequena gran familia que temos que adaptarnos a un contorno que non é sinxelo.

Nun sector que avanza cara á concentración empresarial, que perspectiva teñen pequenas experiencias como as vosas?

Pois facer o contrario: desconcentrar o sector que se caracteriza por ser un oligopolio, promovendo unha regulación do sector onde se priorizar a enerxía como un ben común. É necesario rachar con esta situación onde se enfoca a enerxía cun afán recadatorio por parte do Estado, a modo de imposición indirecta onde se obteñen ingresos para a facenda pública, e que



Entrevista O reto de crear unha cooperativa enerxética



prima ás grandes empresas que conforman o oligopolio enerxético.

Adam Smith ou Hayek estarían orgullosos da existencias da cooperativas enerxéticas e descontentos coas regras de xogo a que somos sometidos no sector enerxético a día de hoxe.

A necesidade dun consumo consciente

Non só no problema económico, senón ante o problema ambiental que supón o actual modelo enerxético, que papel pode xogar a cidadanía?

A cidadanía ten moito que dicir no tema ambiental. Tendo en conta que debido ás nosas accións erróneas provocamos danos no medio natural e que somos a parte máis vulnerable cando padecemos os desastres ambientais.

Se facemos ben as cousas podemos obter o que buscamos e non prexudicar o medio natural.

É posible un cambio como simple masa consumidora ou cómpre un cambio político de fondo?

Os mecanismos de acción que temos os cidadáns na nosa sociedade son cada mais escasos e a nivel individual xa pouco podemos facer a non ser que teñamos capacidade para iso. Os medios tradicionais onde a cidadanía pode actuar para reflectir a súa postura xa non son sólidos neste século XXI.

As democracias tornan en sistemas electivos en que cun forte apoio de medios de comunicacións afíns e actores socioeconómicos pódese teledirixir un resultado agardado.

Avanzamos cara a un modelo dunha democracia de consumidores en que as decisións as tomamos en base ao noso consumo, que repercute nas empresas; os gobernos só encargan de regular o desregular segundo a presión dos *lobbies* e os seus intereses.

> un simple hábito de consumo pode apoiar a quen non respectan os dereitos humanos

Nesta situación, que espazo teñen os individuos para participar? Pois moi poucas.

Cidadás conscientes e consumidoras conscientes.

Temos que constatar que cando consumimos producimos efectos ao noso redor. Acaso non somos cómplices dos mortos e guerras que se fan no mundo polos recursos petrolíferos ou de gas? Cantos de nós falamos en contra o sistema político enerxético que impera no mundo pero ao final o estamos apoiando? Pois ao chegar a nosa casa cun simple hábito de consumo como prender a luz xa estamos recibindo luz procedente dunha central nuclear ou dunha combustión de gas procedente dunha zona do mundo onde non se respectan os dereitos humanos.

Tendo en conta que os cambios políticos dende arriba cara a abaixo son máis difíciles (pois existe o temor de cambiar o statu quo a non ser que sexa obrigatorio, e sempre contando coa aprobación dos máis fortes) a única vía é cambiar dende abaixo, mediante a implicación das masas de consumidores que seguindo a súa actuación poden conseguir que se fagan cambios.

Se a xente demanda só enerxía renovable nos seus fogares a propia lei de oferta e demanda obrigará apostar por esta opción.

Cales son os vosos próximos proxectos?

Levamos case tres anos de andaina co proxecto de Nosa Enerxia S.C.G. Nestes momentos estamos acometendo a fase de comercialización e comunicación do proxecto.

Cales son as vosas expectativas a curto e medio prazo?

As expectativas son ir gañando masa social e afianzar a comercialización e ir acometendo os obxectivos que ten establecidos a cooperativa.

Onde se poden dirixir aquelas persoas que estean interesadas na vosa cooperativa?

Na web www.nosaenerxia.com as persoas interesadas poden obter información máis detallada da cooperativa e o formulario para darse de alta como persoa socia.

A aquela Carta ao presidente do goberno de España

Beatriz Cedrón



Señor presidente do goberno de España:

O pasado 11 de setembro estiven en Barcelona na Diada. O ano pasado, e o anterior, tamén. Como dicía Castelao: "Pois xa que o sabe, voullo dicir". Brevemente: marchan. Pode que non este ano ou o que vén; se cadra dentro de 10, pero marchan. Había nenas e nenos, mozas e mozos, homes e mulleres máis vellas ca vostede. De todos os tamaños, formas e cores. Neoliberais, de esquerdas, de dereitas, obreiros, empresarias, feministas, futboleiros, deportistas, cataláns e catalás "de vello" e xente de aló nacida lonxe. E sabe que? Sorrían todo o tempo. Era unha festa. Non se metían con ninguén, elas e eles só celebraban. Miraban a miña bandeira (esa que merquei cando sentín que a ameazaban) e preguntaban de onde era. Deseguida sorrían e falábanme en español agradecendo a presenza na festa.

Señor Presidente, estamos pasando unha dor innecesaria. Creo que todo isto podíase ter feito doutra maneira, sen traumas, man con man. É máis, penso que en 50 anos estaremos nun lugar ao que poderiamos ter chegado agora sen dramas, sen fisuras, aforrando o sabor amargo e acedo dos días por vir ata que Catalunya diga *adeu*. Como pasará despois con Euskadi. E con Canarias (fartos como están -e con razón- da península e da súa xente). E xa veremos con quen máis. E algún día con Galicia, cando ata os estómagos máis agradecidos se decaten de que unha España sen elas xa non é tal. Cando as galegas e galegos que quedamos caiamos na conta de que gran parte das nosas familias, do noso talento, do noso esforzo e dos nosos corazóns están fóra e viven alí, en Catalunya. E tamén en Madrid, si; e en Euskadi, e noutros países europeos, americanos e mesmo en Oceanía, países aos que lles demos tanto e son, en parte (*só en* parte), o que son porque Galiza é unha extraordinaria exportadora de carne, especialmente de galegas e galegos que parimos e criamos con amor na terra para que produzan despois o mellor de si fóra dela.

Era tan fácil, señor Presidente

Era tan fácil, señor Presidente, como habilitar espazos nos que percibir e traballar o respecto á diferencia habitando un lugar común. Onde amosar interese e non rexeitamento e desconfianza á esencia de cada pobo. Onde poñer en común e aportar fose iso, compartir, aprender e construír en conxunto, onde se valorase o que cada pobo pon para crear unha vida mellor para todas e todos. Tan simple, Presidente, como chamarlle Xan a un neno que se chama Xan, porque ese é o seu nome. Do mesmo xeito que o presidente da Xunta de Galicia se chama Alberto, e non Alberte, e o seu apelido, o de vostede, é Rajoy, e non Raxoi.

E ata eu, que son "*pro*", estou triste.

San Romero de América: "Non é Comunismo, é o Evanxeo"





Coñecín a Juan Ramón no módulo de tránsitos do cárcere de Valdemoro, un dos lugares máis desoladores do arquipélago penitenciario español. A boa compañía aliviounos a tarde, falando da Galiza e do País Vasco, mais tamén do Salvador. O Juan Ramón, internacionalista convencido, estivera alí nos anos 80, combatendo no FMLN. A súa chegada ao 'Pulgarcito de Centro América', como lle chamara Roque Dalton, tivera que ver con acontecementos como a matanza nos funerais de Monseñor Romero.

Óscar Arnulfo Romero (1915-1980) fora nomeado en 1977 arcebispo do Salvador sen que o poder se opuxese: vían nel un relixioso do *statu quo*. Porén, o contacto directo coas clases populares e a morte do seu amigo Rutilio Grande fixeron de Monseñor Romero un arcebispo máis preocupado polo pecado social ca polos interrogatorios de confesionario. Na altura, o 60% das terras agrarias estaban en mans do 2% da poboación, e esta oligarquía terratenente defendíase con escuadróns da morte armados polos EUA. Perante o terror, Monseñor Romero posicionouse coas desposuídas, a xustiza social e a paz; un discurso que chegaba até o 73% da poboación rural –e a outros países como Nicaragua ou Guatemala-, grazas ao seu intelixente uso da radio.

Cando xa o poder o puxera no punto de mira, Monseñor Romero declara: "Si, fun frecuentemente ameazado de morte, pero debo dicirlles que, como Cristián, non creo na morte sen resurrección. Se me matan, resucitarei no pobo salvadoreño". E así foi. O 24 de marzo de 1980 foi asasinado no altar, tras unha vibrante homilía na cal chamaba a policías e militares a desobedeceren aos seus superiores, para "obedecer a lei de Deus que di "non matar" os seus irmáns labregos". Marino Samayoa Acosta, sicario da ultradereita, apertara o gatillo en nome de militares e oligarcas. Olga Álvarez recordaba na *Irimia* nº 919 como Monseñor Romero permanece ben vivo en Latinoamérica. Vai para medio ano que, após superar o veto histórico do sector de Ratzinger, o papa Francisco converteu a Óscar Arnulfo en "San Romero de América". Que a beatificación non fosilice o seu exemplo, nin que a Igrexa expropie o seu recordo do corazón do pobo rebelde; para que poida resucitar nunha sociedade xusta.

> Se me matan, resucitarei no pobo salvadoreño

Carlos C. Varela

Pingas de orballos

Xa de neno revirouse ao lobo!

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)



Viña de atrás, viña de lonxe, viña dunha única Patria á que lle chamou Galiza. Soñada e relatada, cantada e anunciada, compartida en feixes de luz para arrolarnos e quentarnos. Unha Matria compartida, se non, de nada vale. Preguntámoslle moitas veces onde estaba esa Patria, enchida de vento, aquela enchida de ansias. E algunhas veces calaba. Ninguén ten, dicía, precisión das súas enormes coordenadas, tentando ponderala. Tanta Patria temos dentro que non hai máis que verbas para, sequera, poder buscala. E está en nós. Porque Patria non só é terra, é pobo nesta fala presentida en alboradas, medra cada mañá en ilusións, paraíso de esperanzas, de recendos misteriosos que aínda agarda.

Non sabemos onde está esa súa Terra, ese Pobo, esa Galiza da que tanto el falaba. Pero sabemos que alí, onde estiver, está a nosa orixe e nela sentíase el, parte dela. Recoñecíase herdo de escasa propiedade se non somos "cos demais". Unha presada de terra, referencia vital que osixena desde os ámbitos máis sinxelos da materia. Nada somos se non é a carón dos nosos. De aí viña o seu sentimento de pertenza, e a el estaba enteiramente sometido. Nese coro de voces, ese común denominador, que alenta soños e onde nos podemos sentir parte importante da xeografía física e humana do pobo, da terra, da cultura.

Ía altivo e oufano, enchido con orgullo e fachenda, capaz de comer o mundo disipando razóns controvertidas, disparando razóns da nosa gloria, non reclamaba a atención erguendo os brazos nin berrando, senón chamando a cada cousa polo nome, prognosticando o pasado con rigor e vehemencia, rindo como vencedor que reivindica a Nación traballadora, proletaria, a máis humilde e popular, a secularmente esquecida. Aquela que loita por cada amencer, polo traballo para todos, polo beneficio común antes que o propio, como unidade defensiva e rebelde, para reclamar a consideración que alimente a nosa dignidade, en procedencia e orixe, nación.

Non tiña ningún ben, nin casa, nin coche, era el cos seus amigos. Nunca lle vin excesos nin soberbias. Ía con todos e acordaba sempre dos máis pobres. Seica tivo un agasallo, un pequeno ordenador para organi-

> Sempre preguntaba en alto de que servía ter moito se non era para compartir

zar tanta memoria e ansia. Só se tiña a el mesmo e unha fe enorme na humanidade, na confianza de que a súa causa subise aos altos ceos para darlle ao seu país -aquel que chamaba Galiza- a liberdade para poder presentir soños aos que, como Pobo e Nación, temos dereito. E el sempre engadía: … e ninguén poderá roubárnolos. No seu rostro, o sorriso dos que vencen, dos que –ao mesmo tempo- nunca serán derrotados. A súa sabedoría e maxisterio son aínda hoxe, a un ano da data do seu pasamento, canle de conciliación con nós mesmos, man que aleciona a seguir buscando saír de tanta sombra, malia tantos traidores que nos

Pingas de orballos Xa de neno revirouse ao lobo!

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)



abafan, tantos vendidos que contan historias que non sucederon nin pasan.

Sempre preguntaba en alto de que servía ter moito se non era para compartir, de que valían as verbas, os libros, as cantigas, as obras de teatro, as obras de arte, os paseos dos camiños, se non eran para conciliarnos con nós mesmos e ser partícipes dos mesmos anceios que a compaña dos demais desprende.

Onde está esa Galiza da que falas? Onde está esa Patria que nos xungue? Contestaba con sosego, que a Patria da que el falaba, que eu semellaba non recoñecer nos mapas e que é a nosa orixe, vén de atrás, de moi lonxe, de cando a historia era nosa en propiedade, de persoas que nos antecederon e tiñan a vontade de ser, os anceios que aínda sentimos no corpo, as lembranzas da verdade que sabemos corren polas veas en imaxes de historia. Esixen poñernos de pé, dunha vez, na Nosa Casa. Patria de sentir, de palabras que flúen do corazón sinceras, no noso acento eterno e imborrable en pé de orgullo, en horizontes de luz nunca sabidos que nos levarán a un porvir cheo de herdanza, cun destino de cantigas confiadas no amor, para alomiñar terra e mar, sal e sol, arte e beleza desde as mans xenerosas que tecen soidades e alentos, liberdade! Non está no mapa aínda, mais un día estará, agasallando xenerosa templanza. Quen tal falaba, con total convencemento,

A Patria non só é terra

como non, era Paco Carballo, o meu amigo, o noso amigo da alma.

Honrounos coa súa amizade, coa súa enorme humildade, co seu compromiso e coherencia, desde a invencible persuasión que só teñen aqueles que nunca se venderán, e que sempre andarán vendidos nesa causa común da dignidade, cos máis débiles, e coa condición do sorriso incalculable ao saber que –tarde ou cedo, indo xuntos- venceremos!



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org
SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscricións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.
PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org
CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)
ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA
EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml

Boa Nova



A CLAVE

Logo ti es Rei?

En todo o evanxeo de Xoán notase un longo proceso de reflexión e inculturación da fe froito do propio camiñar da comunidade e dos acontecementos que vai vivindo. Nos relatos da Paixón mestura con gran habilidade os elementos históricos coa dramatización, para ofrecernos un relato cargado de intensidade teolóxica e existencial.

O diálogo entre Xesús e Pilato da boa mostra disto. Para o evanxelista Xesús na paixón é rei, pero un rei que ten o seu trono na cruz. Xa queda lonxe a sinxela predicación do Reino de Deus que o nazareno levara por toda Galilea, agora trátase dunha confrontación entre o poder de Deus e o poder dos homes.

Para a comunidade xoánica a afirmación da realeza de Xesús non é unha reivindicación política, senón teolóxica. O mestre coma rei encarna a visibilización do poder salvador de Deus, un poder que non se exerce desde os lugares de privilexio e forza, senón desde a debilidade e a proposta.

Porén, a proposta de Deus, encarnada en Xesús, supón unha ameaza porque cuestiona os xogos de poder que decotío vemos no mundo. O breve interrogatorio do procurador romano presenta con claridade onde radica a auténtica ameaza que supón a persoa e a predicación de Xesús, e define con moita plasticidade os dous niveis de interpretación posibles da súa realeza: a política e a teolóxica.

O problema dos xudeus e romanos no escenario a paixón xoánica é quen gana e que perde nos espazos de influencia e privilexios; para Xesús a cuestión é como ofrecer a todos/as a vida en abundancia de Deus. A solución da confrontación non vai estar, para o autor do evanxeo en quen é o lexitimo detentador do poder, senón en quen entende de verdade o lugar de Deus na historia.

Carme Soto

A PALABRA

DOMINGO 22 DE NOVEMBRO. FESTA DE CRISTO REI

A PALABRA. Xn 18, 33b-37

Naquel tempo, díxolle Pilato a Xesús: «Es ti o Rei dos Xudeus?» Xesús respondeu: «Dilo ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?» Pilato replicou: «E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: que fixeches?» Xesús contestoulle: «O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase aos xudeus; mais o meu reino non é de aquí.» Díxolle entón Pilato: «Logo ti es Rei?» Xesús respondeu: «Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz.»

O ECO

Se eu son anti monárquica, anti absolutista, anti un-so-mandando-porque-si, por non sei que graza caída dunha nube malévola. Outra vez esta festa do trono…

Eu recoñezo sen pudor que podería tirarme aos teus pés sen dubidar, cando te vexo aí dono da palabra e do xesto, dono da serenidade calada, máis forte que calquera discurso, señor do medo e das angurias, verdade feita persoa.

Os Pilatos non poden coa xente en pé de verdade, baixan a cabeza e buscan portas para fuxir. Cómpre sabelo.

Colgarnos da túa soberanía, ancorar na mirada serea, coller unha man que non trema.

Saber que non hai labazada que me poida baixar a cabeza nin borrar o sorriso tranquilo; que me poida quitar a cara que se che queda cando te sabes na Casa.

Aprender soberanía, desaprender o semetemento e liberarse de querer ser alguén e de todos os aplausos do mundo. Eu sei que máis dunha mira os leóns da vida con esa cara e vive libre. Xa comparte o teu trono, ese que non figura nos retablos.

Xa aprendeu de ti o que humildade quer dicir.

Christina

Falando da lingua Polo San Martiño....

Lidia e Valentina



... trompos ao camiño!

Polas vésperas do San Martiño andamos a escribir este artigo, mais –aínda que volo pareza- non imos achegar aquí a restra de refráns que ten asociado o santo e o mes. Deixámosvos para que vós sós poñades a proba o voso coñecemento do refraneiro, mentres nós vos lanzamos cara á reflexión da importancia de chamarse Martiño. Oímos onte dicir que Martín é un nome que agora está moito na moda para poñerlles aos cativos, mais os Martiños que coñecemos cóntanse cos dedos das mans. Non imos entrar na sonoridade dos nomes, porque iso é particular e subxectivo e a uns gústanlles os que teñen moitas vogais, a outros os que non teñen a consoante R e ás demais aqueles que teñen dúas sílabas. Con todas estas características hai nomes galegos, con fonemas galegos, orixe galega e tradición galega. Escoller un deles significa algo. Houbo un tempo que Uxía e Anxo eran nomes que se poñían moito, mesmo por parte de pais e nais que non conseguían pronunciar o fonema fricativo palatal representado por ese X tan noso, pero que consideraba que así cubría o seu cupo de galeguidade. Non temos nada que dicirlles. Tampouco imos cuestionar a quen escolleu chamarlles aos fillos Jonathan, Jeniffer, Jéssica ou Kévin, con todas as súas variantes ortográficas, ou a quen segue poñendo nomes como Jesús, Javier ou Julia, que teñen un fonema que non existe no galego. Cadaquén escolle segundo motivacións varias e gustos particulares.


Nós queremos que se reflexione sobre o que supón que a poboación galega conserve nomes que a identifique coa súa terra, cun territorio que ten unha lingua propia, cuns sons característicos que tamén empregou para denominar lugares que teñen máis de 2000 anos. De igual xeito a onomástica é unha mostra das nosas orixes. Ademais dos nomes, tamén sufriron unha forte castelanización os apelidos. Tamén queremos que reflexionedes sobre a importancia que pode ter que sigan existindo formas coma Ameijeiras, Carbajal ou Cereijo que, ao lado doutros moitos, nin sequera existen en castelán e mostran as barbaridades que se fixeron coa nosa lingua, deturpando formas galegas para que non parecesen tales.

As nosas avoas e avós mantiñan a lembranza de Xoanas e Xacobes aínda que tivesen que escribir os nomes con J nos documentos. Mantivérona a pesar dunha prohibición expresa. Na actualidade hai prohibicións máis "sibilinas", ou que é o que nos pasa?

O Fachineiro do teatro

Presidente

Comeza unha nova tempada de teatro e hai dúas pezas teatrais ás este fachineiro tivo oportunidade de asistir en preestrea e que ben merece a pena ir ver. A primiera é *A cegueira*, unha adaptación do *Ensaio sobre a cegueira* de Saramago. O autor portugués dicía nas súas páxinas que estamos cegos, non queremos ver e nas duras páxinas da súa novela, vemos como mesmo nas situacións máis difíciles sempre hai alguén sen escrúpulos que tira proveito. Malia ser pouco inclinado ao optimismo, o narrador viña dicir que unicamente a solidariedade pode axudarnos a saír. A adaptación de Sarabela Teatro é unha boa desculpa para ler ou reler a Saramago. A



outra obra é *Presidente*, da compañía Teatro do Morcego. É unha comedia para non parar de rir en hora e media e que ninguén debería perder agora que estamos en campaña electoral. A situación parte de que un presidente candidato á reelección decide visitar familias nas súas propias casas para remontar nas enquisas. Espectacular todo o elenco -especialmente Celso Parada, Iolanda Muíños e Goldi. É unha obra estupenda pero arriscada: dos trescentos e pico concellos galegos non sei se a contratarán en máis de vinte: hai algún partido ao que non lle vai facer tanta graza.

A.Q.